

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Sabía que para curar o bocio...

- ▶ Hai que beber auga de sete fontes o día de San Xoán.
- ▶ No concello da Arzúa está a capela da Mota, e nela os San Bartolomeu, San Mateo e San Simón, no mes de agosto faise a Mota de san Bartolomeu e din que se o cura che pasa a espada do santo pola gorxa se che cura e prevén o bocio.

[Enviado por María J. Sanjiao, de Ducío, Arcos de Furcos, Cuntis]

- ▶ Recordo cando era pequena falar das propiedades do orballo de San Xoán, neste caso pra curar a enfermidade do bocio.

O día de San Xoán meu pai levoume, pola mañá cedo a tomar esas pingas máxicas dunha nogueira. Esto tiña que facerse antes de que o sol bailase. Quedoume este fermoso recordo.

[Texto remitido por Sara Sánchez Ríos, Vidueiro, Ordes (A Coruña). Xullo de 2012]

BIBLIOGRAFÍA

TABOADA CHIVITE, X. «La noche de San Juan en Galicia», en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Tomo VIII, 1952, Cuaderno 4º.

COMENTARIOS ENVIADOS

No concello da Arzúa está a capela da Mota, e nela os San Bartolomeu, San Mateo e San Simón, no mes de agosto faise a Mota de san Bartolomeu e din que se o cura che pasa a espada do santo pola gorxa se che cura e prevén o bocio.

Enviado por Maria J. Sanjiao o 26/06/2008 ás 10:22:07